Asunto: INFORME DA DSXAP SOBRE A MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

O 30 de abril de 2026 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) escrito remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (en diante, a consellería) no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) da devandita consellería.

A dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

- Memoria funcional.
- Memoria económica.
- Táboas de equivalencias de postos.
- Acta de negociación previa coas organizacións sindicais.

O 27 de maio recíbese nova documentación complementaria.

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e con base nas competencias que lle confire o artigo 14 apartado 2.F.a) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Obxecto da proposta

A última modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes produciuse mediante a Resolución do 8 de agosto de 2025.

A nova proposta de modificación pretende adaptar a RPT da consellería aos cambios derivados do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Así mesmo, búscase adaptar a RPT ás necesidades de persoal dos diferentes centros directivos e órganos da consellería.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: sp6flWVZlbU0 https://sede.xunta.gal/cve

A proposta de modificación obxecto deste informe inclúe a creación de 8 postos de traballo de persoal funcionario e a amortización de 5 postos para sufragar estas creacións. Ademais, proponse modificar a denominación, a adscrición e as observacións de varios postos.

SEGUNDO. Creacións propostas

1. Creación de 1 posto estrutural

O día 29 de abril de 2026, a DXSAP emitiu informe favorable relativo ao proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. No apartado terceiro, recóllese o seguinte texto referente á creación do Servizo de Obras e Infraestruturas Administrativas en Lugo:

> *Proponse crear un Servizo de Obras e Infraestruturas Administrativas dependente do Departamento Territorial da consellería en Lugo, similar aos que existen nos departamentos territoriais da Coruña e Pontevedra, co fin de reforzar a estrutura organizativa neste eido e lograr unha xestión eficiente das obras e infraestruturas administrativas, deportivas e xudiciais da provincia para contribuír a unha correcta planificación, coordinación e supervisión das actuacións.*
>
> *A este servizo corresponderanlle as seguintes funcións, segundo o artigo único do proxecto de decreto, idénticas ás dos outros dous servizos homólogos:*
>
> *Desenvolverá, no seu ámbito territorial, todas as funcións do Servizo de Supervisión de Proxectos de Infraestruturas e do Servizo de Xestión de Infraestruturas Administrativas, en coordinación con eles.*

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	FORMA PROV.	SUBGR.	CORPO / ESCALA	ADS. ADM.	OBS
Departamento Territorial de Lugo	PRC991000027001244	Servizo de Obras e Intraestruturas Administrativas	28	CE	A1-A2	EMA/EME2/ ESA/ESE 3 (1)	AXG	Horario especial

(1) Administración especial: arquitectos, arquitectos técnicos; enxeñeiros (especialidade en enxeñería industrial), enxeñeiros técnicos (especialidade de enxeñería técnica industrial).

Xustifícase o horario especial polas funcións de supervisión, coordinación e seguimento de obras, incidencias e actuacións nos edificios administrativos e xudiciais da provincia.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: sp6ftWVZbU0 https://sede.xunta.gal/cve

2. Creación de 7 postos non estruturais

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

a) Creación de 1 posto de arquitecto/a de funcións facultativas

Proponse crear este posto, dependente da Subdirección Xeral de Medios da Administración de Xustiza, co obxectivo de reforzar e continuar co apoio técnico especializado no ámbito das infraestruturas xudiciais vinculado ao incremento da actividade derivada do Plan de infraestruturas xudiciais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, que prevé novas construcións, rehabilitacións e melloras nas sedes xudiciais da nosa Comunidade Autónoma.

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	FORMA PROV.	SUBGR.	CORPO / ESCALA	ADS. ADM.	FORMA -CIÓN
Subdirección Xeral de Medios da Administración de Xustiza	PRC040000215770002	Arquitecto/a funcións facultativas	26	C	A1	ESA (1)	AXG	

(1) Administración especial, escala de arquitectos.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

b) Creación de 5 postos na Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil

Segundo consta na memoria xustificativa, a estrutura desta subdirección xeral conta con tres servizos (un deles unipersoal) e dúas seccións, cun plantel de sete persoas, incluíndo o subdirector xeral. A actividade desta subdirección xeral viuse incrementada desde 2024 polos seguintes motivos principais:

- Incremento de actividade pola modificación da Lei de avaliación de impacto ambiental, que esixe un informe de risco de accidentes graves ou catástrofes, labor que en 2025 ascendeu a máis de 280 informes emitidos.
- Incremento na xestión das emerxencias de protección civil.
- Atención ás distintas áreas de protección civil: análise de riscos, anticipación ao risco a través da alerta temperá, prevención, planificación e xestión do risco.
- Incremento da carga de traballo ordinaria: ordes de axudas, xestión administrativa ordinaria, plans de protección civil de Galicia, novos protocolos de actuación e Rexistro Galego de Plans de Autoprotección, entre outros.

Polo que considérase necesaria a creación dos seguintes 5 postos.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: sp6ftWVZbU0 https://sede.xunta.gal/cve

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	FORMA PROV.	SUBGR.	CORPO / ESCALA	ADS. ADM.	FORM. ESP.
S.X. Planificación e Protección Civil	PRC070000215770012	Xefatura Sección Avaliación de Riscos II	25	C	A1, A2	EME, ESE (1)	A11 (2)	640 (3)
S.X. Planificación e Protección Civil	PRC070000215770032	Xefatura Sección de Protección Civil II	25	C	A1, A2, C1	XERAL	AXG	
S.X. Planificación e Protección Civil	PRC070000215770003	Xefatura Negociado I	18	C	A2, C1, C2	XERAL	AXG	
S.X. Planificación e Protección Civil	PRC070000215770004	Xefatura Negociado II	18	C	A2, C1, C2	XERAL	AXG	
S.X. Planificación e Protección Civil	PRC070000215770005	Xefatura Negociado III	18	C	A2, C1, C2	XERAL	AXG	

(1) Administración especial, escala de enxeñeiros técnicos e escala de enxeñeiros.
(2) Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas.
(3) Para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (R. I.).

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

c) Creación de 1 posto de técnico/a de funcións facultativas

Proponse crear este posto co obxecto de reforzar a Xefatura de Servizo de Obras e Infraestruturas Administrativas deste departamento territorial

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	FORMA PROV.	SUBGR.	CORPO / ESCALA	ADS. ADM.	OBS.
Departamento Territorial de Lugo	PRC991000027001245	Técnico/a funcións facultativas	22	C	A2	EMA/EME2 (1)	AXG	Horario especial

(1) Administración especial, escala de arquitectos técnicos; e escala de enxeñeiros técnicos (especialidade en enxeñería técnica industrial).

Xustifícase o horario especial polas funcións de supervisión, coordinación e seguimento de obras, incidencias e actuacións nos edificios administrativos e xudiciais da provincia.

TERCEIRO. Amortizacións propostas

Proponse a amortización dos seguintes postos:

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PRC020000115770007	Posto base subgrupo C2
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PRC020000515770052	Xefatura de Grupo de Rexistro e Información
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	PRC991000027001243	Xefatura Área de Obras e Intraestruturas Administrativas
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	PRC991000027001220	Oficial 2ª mantemento
D. X. XUSTIZA	PRC040000127001200	Subalterno

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: sp6ftWVZlbU0 https://sede.xunta.gal/cve

CUARTO. Outras modificacións propostas

a) Cambios de denominación

Debido á amortización do posto denominado Xefatura de Grupo de Rexistro e Información I antes mencionado, cómpre renomear o resto de postos coa mesma denominación do seguinte xeito:

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN ACTUAL	DENOMINACIÓN PROPOSTA
S.X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	PRC020000515770053	Xefatura de Grupo de Rexistro e Información II	Xefatura de Grupo de Rexistro e Información I
S.X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	PRC020000515770054	Xefatura de Grupo de Rexistro e Información III	Xefatura de Grupo de Rexistro e Información II
S.X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	PRC020000515770057	Xefatura de Grupo de Rexistro e Información IV	Xefatura de Grupo de Rexistro e Información III
S.X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	PRC020000515770058	Xefatura de Grupo de Rexistro e Información V	Xefatura de Grupo de Rexistro e Información IV

b) Cambios de adscrición

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN ACTUAL	ADSCRICIÓN PROPOSTA
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA	PRC991000015001290	Xefatura Servizo de Deporte	A17 (1)	A17-A12 (2)
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	PRC991000027001221	Xefatura Servizo de Deporte	A17	A17-A12
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE	PRC991000032001204	Xefatura Servizo de Deporte	A17	A17-A12
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA	PRC991000036001211	Xefatura Servizo de Deporte	A17	A17-A12

(1) Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado, comunidades autónomas e persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

(2) Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado comunidades autónomas e Administración local.

O cambio inclúe a persoal da Administración local para facilitar a cobertura destas prazas.

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN ACTUAL	ADSCRICIÓN PROPOSTA
Departamento Territorial da Coruña	PRC991000015001250	Servizo de Obras e Intraestruturas Administrativas	AXG	A11

(1) Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas

Este cambio xustifícase, de acordo coa memoria xustificativa funcional, para "adecuar o ámbito de provisión do posto á natureza técnica e ás funcións

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: sp6ftWVZbU0 https://sede.xunta.gal/cve

efectivamente desenvolvidas, propias dun posto de dirección e coordinación técnica no ámbito das infraestruturas e da xestión administrativa de obras públicas".

Sen prexuízo dos motivos de xustificación expostos, semella oportuno sinalar a conveniencia de manter criterios homoxéneos en relación coa adscrición dos distintos Servizos de Obras e Infraestruturas Administrativas, tendo en conta a identidade substancial das súas funcións e características. Neste sentido recoméndase valorar a adecuación dos distintos réximes de adscrición existentes entre unidades equivalentes, co fin de reforzar a coherencia organizativa**.**

c) **Cambios nas observacións a varios postos**

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓN ACTUAL	OBSERVACIÓN PROPOSTA
EDIFICIOS XUDICIAIS (PONTEVEDRA)	PRC991000136001145	Limpador/a	5 horas diarias	7 horas diarias

Xustifícase o aumento de horas de traballo polo incremento da actividade de limpeza no edificio.

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓN ACTUAL	OBSERVACIÓN PROPOSTA
COMPLEXO DEPORTIVO MONTERREI	PRC994050132570101	Subalterno/a	Ocupado por traballador/a grupo IV, categoría 6, en virtude de sentenza xudicial	Horario especial

Xustifícase o horario especial porque o complexo deportivo abre de 9.00 h a 21.00 h no inverno e de 9.00 h a 22.00 h no verán. Segundo consta na memoria funcional, todo o persoal, agás o encargado do establecemento, encárgase de cubrir tamén as quendas de fin de semana e os festivos, polo que cómpre que o posto sexa de horario especial.

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓN ACTUAL
CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA	PRC994050136001101	Médico/a	Xornada partida
CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA	PRC994050136001104	Enfermeiro/a	Cando sexa vacante pasar a "Xornada partida"

Proponse eliminar estas observacións en ambos os postos.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: sp6ftWVZIbU0 https://sede.xunta.gal/cve

QUINTO. Custos

En relación coa memoria económica pronunciarase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

SEXTO. Sentido do informe

Os fundamentos e datos achegados pola consellería para xustificar a proposta de modificación da súa relación de postos de traballo, a xuízo da DXSAP, son suficientes para dar o visto e prace.

De acordo co anterior a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio **informa favorablemente** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, sen prexuízo das consideracións que poida recoller a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal no informe que deberá emitir con carácter previo a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 05/06/2026 14:06:01

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: sp6ftWVZlbU0 https://sede.xunta.gal/cve